




PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 km
Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

O conxunto formado polos areais de Corrubedo e o seu contorno son unha das áreas naturais costeiras máis sonadas do país, pola beleza das súas paisaxes, polo valor xeolóxico (a duna móbil máis alta de Galiza) e pola gran diversidade de ecosistemas e especies vexetais e animais que acolle.

O parque natural “Complejo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán” abrangue 966 ha, no suroeste da Península do Barbanza en terreos do concello de Ribeira. Está formado por un amplo areal de 4 km de lonxitude limitado por cantís rochosos nos seus extremos; a marisma do Carregal e a lagoa de auga doce de Vixán.

O conxunto xeolóxico do Parque Natural formouse no período cuaternario, hai uns 12.000 ou 15.000 anos. A erosión e a acumulación da area polo vento orixinou unha barreira areosa que pechou unha antiga badía na que se formaron lagoas pouco fondas que co paso do tempo se foron colmatando cos restos vexetais e os sedimentos achegados polos regos que desaugan nelas. Na actualidade a área interior está ocupada por marismas e dúas lagoas, unha de auga salgada (Carregal) comunicada co mar pola canle de desaugadoiro do rego Artes, e a outra de auga doce (Vixán). A zona de praia, que se estende ao longo de máis de 5 km, está formada por cordóns de dunas fixadas pola vexetación e unha gran duna móbil que avanza lenta e constantemente cara ao interior.


No complexo de Corrubedo atópanse representados diversos ecosistemas de gran interese ecolóxico: costa rochosa e areosa, cantís, dunas fixas e móbiles, marismas, lagoas de auga doce e de auga salgada e mato, cunha gran diversidade de flora e fauna adaptadas a cada ambiente.

O Parque Natural está incluído, xunto coa illa de Sálvora e os illotes próximos, a punta Falcoeiro, Sagres e a costa de Xuño, no LIC “Complejo Húmido de Corrubedo” de 9.302 ha.

COMO CHEGAR:

Esta é unha ruta que ofrece moitas variantes e posibilidades, pódese facer lineal, dispoñendo de dous vehículos, ou circular, completa ou por partes. Para facela enteira hai que ter en conta o horario de mareas, xa que coa marea baixa o camiñar pola parte chan da praia é moito máis cómodo e levadeiro e cruzar o río non ofrece dificultade ningunha, todo o contrario do que sucede se tentamos facelo coa marea alta. Para achegarse á duna só existe unha oportunidade, a de ir a Oliveira e facelo pola pasarela de madeira ou vela desde o camiño que vai ata o río.

Unha versión algo reducida, que permite ver todos os elementos característicos da zona, pode ser a que comeza e remata no centro de interpretación ou no aparcamento da praia do Vilar. Unha circular duns 9 km que nos leva pola beira da lagoa do Carregal ata o río, desde onde temos unha boa vista da duna, e percorrendo logo as praias da Lagoa, Vilar e Anguieiro achegarse á lagoa de Vixán e volver desde aí, polo camiño interior, ao punto de partida.



Duna móbil, de máis de 1 km de lonxitude, 200-250 m de anchura e 20 a 15 m de altura.



Illote Ferreira, un bo miradoiro sobre o parque.



Lagoa de Carregal. Está alimentada polos ríos Arles, Silves e Longo e comunicada polo mar por unha canle pola que penetra auga salgada coas mareas.



Praia e vila de Corrubedo




Lagoa de Vixán. Alimentada por un pequeno regato, está separada do mar pola cadea de dunas da praia.



Panorámicas coa marea baixa. Ao debalar o mar a praia acada unha amplitude de máis de cen metros.



Píllara papuda (*Charadrius alexandrinus*), unha especie que cría nas dunas.



Orquídea abella (*Ophris apis*). Pódese atopar nas dunas fixadas do interior.



Colonia dos vermes mariños *Sabellaria*



Vista xeral do espazo desde o miradoiro do monte Taúme.